

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**4513** *Real decreto 248/2010, do 5 de marzo, polo que se modifica o Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, para adaptalo ao disposto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (Directiva de servizos), foi trasposta ao noso ordenamento xurídico mediante a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

O obxectivo que se pretende é acadar un auténtico mercado único de servizos na Unión Europea a través da eliminación das barreiras legais e administrativas que actualmente limitan o desenvolvemento de actividades de servizos entre Estados membros.

Segundo esta directiva, os Estados membros verificarán e, segundo proceda, simplificarán os procedementos e trámites aplicables ao acceso a unha actividade de servizos e ao seu exercicio.

A nova situación xurdida na aplicación da citada directiva fai necesaria unha adecuación da normativa vixente en materia de explosivos que poida verse afectada.

Así, este real decreto ten como obxecto adaptar a normativa existente en materia de explosivos aos novos requirimentos previstos nas normas mencionadas.

O contido do real decreto que se aproba foi sometido a informe da Comisión Interministerial de Armas e Explosivos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, da ministra de Defensa e do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.*

O número 2 do artigo 5 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os titulares de autorizacións para o exercicio das actividades reguladas por este regulamento teñen que ter nacionalidade española ou de calquera dos Estados membros da Unión Europea.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ